

MEMORIA DE INTERVENCIÓN DOS TRABALLOS DE CONSERVACIÓN DAS NEVEIRAS DE FIXÓ

laura garcía couto | laura.g.couto@gmail.com | Xullo 2019

OBXECTIVOS

- Garantir a adecuada conservación das neveiras, consolidando a súa estrutura, estabilizando os procesos de deterioro e minimizando o risco de alteracións físico-químicas.
- Facilitar a comprensión do ben.
- Divulgar o seu coñecemento e difundir o seu valor como ben patrimonial.
- Dotar a esta zona dun novo recurso turístico.
- Garantir a adecuada protección das neveiras.
- Promover a súa posta en valor.



Neveira 1



Neveira 2



Empregouse unha metodoloxía de traballo dividida en dúas fases:

● Fase cognoscitiva:

Realizouse primeiro un exhaustivo análise do obxecto de estudo e o seu contexto, considerando nisto aspectos materiais, tecnolóxicos, estéticos, históricos e culturais, así como tamén un estudo acabado dos métodos, técnicas e produtos de intervención que son compatibles co orixinal e adecuados aos problemas de alteración e deterioro que se detectaron. O desenvolvemento destes estudos realizouse dende unha perspectiva multidisciplinar, incorporando aos equipos de traballo profesionais que aportan desde as súas disciplinas a comprensión dos fenómenos de deterioro como a solución dos problemas diagnosticados.

● Fase operativa:

As intervencións de conservación, restauración e musealización sustentáronse nos criterios xerais e aceptados a nivel internacional sobre intervencións: o principio da mínima intervención, no respecto de autenticidade do orixinal e a reversibilidade dos procedementos aplicados. A actuación realizada baseouse tanto nos criterios coma na metodoloxía específica detallada para a parte técnica, para alcanzar así os obxectivos no referente ao seu uso posterior.

METODOLOXÍA



CONCLUSIÓNS

As Neveiras de Fixó presentan un grande potencial cultural e turístico, case testemuñas únicas en todo o territorio galego do comercio e explotación da neve. Son as únicas do seu tipo no noso territorio cun proxecto de musealización, e presentan unha tipoloxía e monumentalidade ata o de agora descoñecida en Galicia.

Cos traballos de escavación, conservación, musealización e posta en valor realizados nestas dúas primeiras fases de intervención, conseguíronse acadar os obxectivos propostos inicialmente, tanto a nivel de conservación como de dotación de un novo recurso turístico no Concello de Forcarei, poñendo en alza o interese por este tipo de industria e ensalzando o grande valor patrimonial das Neveiras de Fixó.

Non entanto, é un complexo que todavía ten moito que aportar, e que non estará plenamente recoñecido ata que non se rematen os traballos de escavación, conservación e posta en valor iniciados, polo que cabe seguir concienciando ás administracións da importancia de dotacións de recursos para garantir a salvagarda do noso patrimonio, así como da implantación de plans de mantemento que garantan estes obxectivos.

